

EL PAÍS

ARCHIVO

EDICIÓN
IMPRESA

VIERNES, 17 de abril de 2009

REPORTAJE: LUCES

O desamor celebra vodas de prata

A xeración poética dos 80 na Coruña conmemora con recitais os seus 25 anos

XOSÉ MANUEL PEREIRO | 17 ABR 2009

Archivado en: [Poesía](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Foron un colectivo poético sen manifesto fundacional, sen pai a quen matar ou polo menos contra o que rebelarse. "Non se trata máis que dun grupo humano, estreitamente vinculado a través de recitais, dinamización poética e militancia cultural. Nada máis lonxe dos seus integrantes, pois, que a elaboración dunha estética común", dicían na presentación do seu primeiro libro conxunto, *De Amor e Desamor* (Edicións do Castro, 1984). Uniunos "a veciñanza e a camaradaxe", repiten todos como un mantra 25 anos despois. Mesmo séguense levando ben hoxe, cando a carreira de varios dos seus membros se disparou ou se consolidou. Todo moi coruñés, pero o sistema establecido da cidade, autoridades á cabeza, negoulles o pan e o sal. Aínda así, deron ata un cento de recitais nos apenas tres anos en que funcionaron como grupo. Agora dedican este ano a celebrar por última vez, en público, aqueles tempos.

"Calquera cousa que cheirase a galego foi expulsada da polis"

"Pillamos a sociedade nun momento no que quería que pasasen cousas"

O grupo Amor e Desamor eran Lino Braxe (Mugardos, 1962), daquela locutor e actor de dobraxe; Miguel Anxo Mato Fondo (Ponteceso, 1953), profesor; Xosé Monterroso Devesa (A Coruña, 1944) funcionario de Facenda; Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, 1958) estudante; Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), profesora; Lois Pereiro (Monforte, 1958 - A Coruña, 1996), tradutor de dobraxe; Manuel Rivas (A Coruña, 1957), xornalista; Francisco Salinas Portugal (Bande, 1955), profesor; Xavier Seoane (A Coruña, 1954), profesor; e Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953), procurador. Sábese quen foron, pero non moito cando naceu o grupo, nin como. Todos

advirten que hai varias versións. "Eu recordo unha reunión nunha taberna da Cidade Vella que agora é unha perruquería unisex, na que estabamos Lois, Fernán Vello e eu e chegou Rivas co cartel do primeiro recital, que era un pouco parecido ós das corridas de touros", lembra Lino Braxe. "Teño a percepción que a acta de nacemento foi nun dos bares da rúa Capitán Troncoso. Estabamos Rivas, Seoane e eu, saíu o de Amor e Desamor, fixemos un brindado por elo e fomos cara O Patacón", precisa Fernán Vello.

Nin sequera se poñen de acordo nos bares. "Para min que nos xuntabamos en El Molino", apunta Xulio Valcárcel. "Recordo un recital en el Bar de los Ron", esgrime Seoane. "Estabamos en La Barra, falando da necesidade de publicar..." remexe Miguel Mato na memoria. "A verdade é que sempre que nos xuntamos discutimos de como e cando. Pon que no Tumbadeus de Troncoso", contribúe á confusión Manuel Rivas. Posiblemente fora en todos e cada un, porque había un roce continuo. O comezo dos 80 foi unha eclosión de creatividade e de espertar, mesmo, como socioloxiza Rivas, "da descuberta da noite e da súa conquista". "Eran momentos de transformación, de novas ideas, de poder acceder á cultura universal que o franquismo agachara", analiza Seoane. "Pillamos á sociedade nun momento no que quería que pasasen cousas", súmase Lino Braxe.

Tanto quería que gañaron sobradamente a aposta que fixeran pola dinamización. A primeira edición de *Amor e Desamor* esgotouse en catro meses, e ó ano tiveron que facer unha nova

antoloxía, *Amor e Desamor II* (O Castro, 1985). O grupo non tardou en esmorecer precisamente porque a maioría comezou a súa carreira individual. Fernán Vello estima que deron arredor dun cento de recitais, "algún tan emocionante como o das festas de Ponteceso, entre orquestra e orquestra. Milleiros de persoas gardando un silencio sepulcral escoitando recitar". Noutros houbo máis poetas que público, como pasou no único recital no que participaron os dez xuntos, a pesar de que "o número de membros aseguraba que houbera un mínimo de público nos actos", segundo Rivas. Tanto lles tiña, porque todos recordan que o mellor eran as ceas á volta. "Mato tiña que contar o chiste dos berberechos, e eu cantar algunha canción, normalmente *Negra sombra*", di Braxe.

A fervenza creativa na poesía foi da man doutras, como a das artes plásticas, cos que colaboraron. Sen embargo, as forzas vivas non estaban para eclosións. Amor e Desamor naceu cando Francisco Vázquez empezaba o que serían dúas décadas de mandato sobre algo máis que o Concello da Coruña. "A cultura, a poesía ou a plástica, e sobre todo calquera cousa que cheirase a galego, foi expulsada da polis, da cidade oficial", recorda Fernán Vello. O de "expulsar" non é unha licenza poética. Unha reunión á que foran convocados Fernán Vello e Valcárcel rematou co responsable municipal de Cultura botándoos do despacho baixo a ameaza de chamar á Policía Local. "Así e todo, medio clandestinos, seguimos traballando", bota a mirada atrás Miguel Anxo Fernán Vello.

Traballando con proveito. "A porcentaxe de xente do grupo que son agora referentes na cultura galega e mesmo fóra dela, polo menos a metade, é algo sorprendente", valora Xulio Valcárcel. A pesar da variedade de estéticas ("o noso manifesto real era o que non estaba escrito, o lugar dos antónimos", según Rivas), hoxe *Amor e Desamor* é unha das referencias máis claras da chamada xeración dos 80, aquela que, seguindo o ronsel de *Con pólvora e magnolias* de Xosé Luís Méndez Ferrín, recuperou a conexión, nas dúas direccións, da poesía galega co mundo.

"As etiquetas valen para o ensino, pero non teñen que ver coa realidade. Fomos moi fillos da nosa época, xente educada no franquismo que tivo que traballarse o acceso tanto á lingua galega como á cultura internacional, pero á hora de escribir eramos moi individualistas", reflexiona Pilar Pallarés. A única muller do grupo confesa ter unha sensación agri doce coa celebración destes 25 anos. "Non son moi de conmemoracións, non somos a *Generación del 27*. Ás veces pesa máis o feito de que xa non estea Lois. Francisco Salinas tamén anda delicado e Monterroso pasa máis de medio ano en Montevideo. Se estivesemos os dez como naquel momento, animaríame máis".

Pilar non asistiu por problemas de saúde á plantación dunha árbore antonte nunha biblioteca do seu concello natal, pero si acudirá a algúns dos moitos actos programados. Os segundos martes de cada mes, ata finais de ano, hai recitais poéticos na Asociación Alexandre Bóveda. Tamén está en proxecto unha publicación con poemas novos de cada autor. Todo rematará o 19 de decembro cun recital conxunto no Teatro Rosalía. "Despois, como *La carga de la Brigada Ligera*, desaparecemos. Non imos estar presentables para celebrar as vodas de ouro", coida Miguel Mato.

Iso non quita que, cando se xunten, ademais de dicir que se teñen que ver máis, Mato se vaia librar de seguir contando o chiste dos berberechos e Braxe, de cantar *Negra sombra*.